




## Relacións institucionais

<p><b>Galicia protagonista no Día dos Bosques.</b></p>	<p>O Rei Felipe VI presidiu o <a href="#">acto central da celebración do Día dos Bosques</a> en Sergude (Boqueixón). A organización ‘Juntos por los bosques’, promotores da iniciativa, escolleron Galicia para esta celebración e destacaron o valor que nace dos montes e recoñeceron a xestión forestal galega.</p>
<p><b>Nematodo do piñeiro: Comisión de Seguemento e Coordinación</b></p>	<p>Trala ampliación da Zona Demarcada por nematodo, todos os axentes sociais e económicos vinculados ao monte trasladamos á Consellería do Medio Rural un <b>escrito mostrando a necesidade de avaliar a repercusión das medidas establecidas</b> no ano 2010, tanto para os propietarios como para as empresas.</p> <p>Posteriormente, celebrouse unha <b>reunión coa Consellería do Medio Rural</b> na que se creou unha <b>Comisión de Seguemento e de Coordinación Administración-Sector forestal</b>, coa participación de representantes dos propietarios e Fearnmaga. Durante a celebración da primeira reunión, Fearnmaga participou co obxectivo de defender os intereses das empresas da zona demarcada.</p>
<p><b>Consello Forestal de Galicia</b></p>	<p>No que vai de ano, este órgano consultivo reuniuse en dúas ocasións para tratar, entre outros, os seguintes <b>temas de importancia para a nosa actividade</b>:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Análise de <b>medidas adoptadas e resultados</b> acadados tras a ampliación da <b>zona demarcada</b></li> <li>• Situación do <b>Plan Forestal e do Inventario</b> de especies de crecemento rápido de Galicia</li> <li>• Melloras nas <b>plataformas informáticas</b> de tramitación sectorial: corweb, visor de aproveitamentos e resfor</li> </ul>
<p><b>Asamblea de APRALCO</b></p>	<p>A <b>Asociación Provincial de la Industria de la 1ª Transformación de la Madera de A Coruña</b> celebrou a súa <a href="#">assemblea anual</a> o pasado 6 de abril. O encontro permitiu facer balance e analizar, as novas respecto dos avances legislativos, axudas sectoriais convocadas ou do plan de formación sectorial, entre outros temas.</p> <p>Á clausura da assemblea asistiron José Luis Chan, director xeral de Planificación e Ordenación Forestal, Ignacio Lema, director da Agencia Forestal Gallega e Félix Porto, alcalde do concello de Muxía.</p>




## Servizos prestados a socios

 <p><b>XERA</b> <small>AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL</small></p>	<p><b>XERA: Axudas FEADER e Valorización 2019</b></p> <p>Un ano mais Fearnmaga ofreceu os seus servizos de tramitación destas axudas en condicións ventaxosas para os asociados. As dúas liñas de axudas tiveron unha boa acollida, tramítáronse 21 expedientes de empresas que depositaron a súa confianza nos servizos técnicos da federación, o que lles permitiu acometer unhas inversións por valor de 4,3 millóns de euros.</p>
	<p><b>Plan de formación sectorial 2019 Fearnmaga</b></p> <p>Nestes primeiros meses de 2019 Fearnmaga ofreceu 5 cursos dentro do seu Plan Formativo, que ten por obxectivo acadar unha maior profesionalidade, produtividade e competitividade do sector forestal galego. Un total de 71 profesionais participaron nos cursos que inclúen temática demandada polo sector. <a href="#">Máis información dos vindeiros cursos</a></p>



## Anota na túa axenda

 <p>Foro económico de Galicia 10</p>	<p><b>O monte galego do Século XXI – Foro Económico de Galicia</b></p> <p>O vindeiro xoves, 30 de maio celebrarase en Casa del Arman (Ourense) un foro centrado nos desafíos do sector. Fearnmaga participará coa intervención de Elier Ojea. Consulta <a href="#">programa</a>.</p>
--	--

